



CEE MARÍA MARIÑO

[Versión 2.0_ setembro 2023]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O CEE “María Mariño” está situado, no número 15 do barrio das Xubias, no Concello de A Coruña, á beira da ría do Burgo e preto do Hospital de Oza e do Hospital Teresa Herrera.

Alumnado

O centro atende un total de 70 alumnos/as con diversidade funcional ata os 21 anos atopando: Alumnos/as con deficiencia mental lixeira, moderada, severa ou profunda, en ocasións asociada trastornos físicos (escoliose, cifose, asma). Trastornos do desenvolvemento motor (inestabilidade motriz, apraxias, ...) Deficiencia Motora (P.C) .; Trastornos Xeneralizados do desenvolvemento (Trastorno autista, síndrome de Rett, síndrome de Asperger, trastorno xeneralizado do desenvolvemento non especificado....); Trastornos sensoriais (deficiencias auditivas e/o visuais).TDAH, TND; Anomalías cromosómicas (síndrome Down, síndrome X-Fráxil, ...)

Etapas Educativas

De conformidade coa Orde do 8 de setembro de 2021, pola que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/220, do 3 de maio, de educación no artigo 85 .” Organización das ensinanzas nos centros de educación especial” no punto1. di textualmente “ De conformidade co artigo 20 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro , as ensinanzas nos centros de educación especial e nas unidades de educación especial abordarán unha educación básica obrigatoria e unha formación profesional adaptada e de transición a vida adulta”.

Profesorado

Os profesionais que forman parte do equipo docente son: 13 mestros/as especialistas en Pedagogía Terapéutica, 3 de Audición e Linguaxe, 1 de Educación Musical , 1 de Educación Física, 3 profesores técnicos de Formación Profesional e 1 orientadora.

Persoal non docente

8 auxiliares técnico/a educativos, 3 educadoras e 1 fisioterapeuta compartida co C.E.E “Terra de Ferrol”

O servizo de limpeza é realizado por unha empresa externa contratada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Familias

Damos especial importancia ao traballo coas familias pois son as principais responsables da educación dos seus fillos/as, temos que ter en conta que a unidade familiar é o primeiro contexto de integración de aprendizaxes, traballamos conxuntamente para conseguir os fins educativos e fomentamos a súa participación a través do Consello Escolar e da ANPA. Ademais de solicitar a súa colaboración nalgunhas das actividades a levar a cabo ao longo do curso.

O Plan Dixital será un documento público que formará parte do PEC e facilitarase a todos os sectores da Comunidade Educativa.

Este Plan Dixital ten como obxectivo promover o uso das tecnoloxías da información e a

comunicación (TIC) na aula como medio didáctico axeitado para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital no colexio.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O C.E.E. “María Mariño” está situado dentro do recinto “Centro de Atención a Persoas Discapacitadas” de A Coruña.

O colexio limita, por unha banda, coa rúa do Burgo, existindo un muro de contención de considerable altura (mais de 5 metros) . Tamén está rodeado dos edificios do C.A.P.D, tendo que pasar pola rampa que da acceso a estes edificios para entrar e saír do centro.

Está construído nun terreo que ten un considerable desnivel o que se reflicte no feito de que o andar mais inferior está construído por debaixo do nivel do solo en algunha das súas vertentes.

1.2.2. Medio social

Os alumnos pertencen a diferentes zonas da cidade e moitos deles proceden de pobos limítrofes. A diversa procedencia do alumnado nótase tamén na súa lingua de uso. Os alumnos/as que proceden da cidade falan, na súa maior parte, en castelán. Os que proceden do medio rural son, maiormente, galego falantes.

O nivel económico é moi variado; aparecendo casos de extrema necesidade. Tamén asisten ao colexio rapaces con unha situación socioeconómica boa.

1.2.3 Contribución do Plan Dixital ao PEC, P.X.A e outros plans e proxectos do centro

Este Plan Dixital, é un proxecto compartido por todos os membros da comunidade educativa que dé coherencia e guíe o uso das tecnoloxías, un instrumento a través do cal se favorecerá e impulsará o uso dos medios dixitais tanto nos procesos de ensino-aprendizaxe como no resto de proxectos do centro, sempre co obxectivo de colaborar no desenvolvemento integral do alumnado. Por este motivo estará integrado no PEC, nos proxectos de innovación educativa nos que participa o centro e na P.X.A .

A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis “Tecnoloxías da información e da Comunicación” , no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Podemos encadrar lexislativamente este Plan Dixital nas seguintes referencias:

- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*
- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*

1.4. Proceso de elaboración

A elaboración deste documento levouse a cabo en primeira instancia, dentro dunha liña específica de PFPP da que formamos parte cinco mestres do centro como Equipo de Dinamización do Plan Dixital. O proceso de elaboración seguiu a temporalización e fases establecidas polo equipo ADIX ao que foi asignado o noso centro.

Durante o primeiro trimestre, fíxose unha análise da situación do centro a través do SELFIE o Test CDD.

No segundo trimestre, elaborouse o informe DAFO e iniciouse a fase de deseño e elaboración do Plan de Acción, en base ó modelo guía aportado polo equipo de mentorización.

E no terceiro trimestre, procedeuse á elaboración do documento de Plan Dixital para a súa aprobación polo consello escolar, una vez oído o claustro.

Posteriormente, no inicio do curso académico 2023-24 foi modificado en consoancia coas liñas de mellora establecidas.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro conta con conexión a internet a través dunha rede cableada que aporta dous puntos de conexión en cada aula de titoría e noutras dependencias do centro. Ademais, conta cunha rede WIFI propia do centro para os ordenadores portátiles e dispositivos móbiles (tablets). Recentemente, despois de iniciar o proceso fai bastante tempo, instalouse por parte da Consellería unha rede WIFI corporativa (edu.xunta), polo que neste documento haberá referencias á súa ausencia debido a que se instalou despois da redacción dalgúns dos apartados. Ademais, a pesar de estar instalada, aínda non se comezou a facer uso dela de xeito sistemático.

Sobre o equipamento do centro, as aulas contan con ordenadores para o uso do profesorado e/ou

alumnado e a maioría delas con PDI ou proxector. A aula de Reprografía conta con equipos para cada un dos seus alumnos/as. Ademais, na biblioteca do centro hai algúns equipos dispoñibles así coma na sala de mestres, e despachos do Equipo Directivo. O centro tamén dispón de tablets que ao inicio do curso se prestan/asignan ao profesorado titor e especialista.

En canto a servizos dixitais educativos, o noso centro atópase coa problemática de que o XADE non está adaptado ao tipo de agrupamentos de titoría deste tipo de centro, o cal implica que os titores non poidan facer uso de Abalar e outras ferramentas de xestión asociadas ao propio XADE. Dispoñemos de páxina web do centro a través da que se difunde contido sobre as actividades que se realizan, así como dunha aula virtual na que cada grupo-aula ten un espazo propio. Esta espazo non soe ser empregado no traballo diario por non resultar moi funcional para o noso alumnado, aínda que está contemplado como espazo de traballo no plan de continxencia do centro fronte a posibles circunstancias sanitarias. Ademais, na aula virtual creouse un espazo común para todo o profesorado no que compartir recursos didácticos.

O mantemento do equipamento do centro é realizado por unha empresa externa, pois as problemáticas soen escaparse da capacidade de resolución por parte do profesorado do centro.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Na seguinte táboa inclúese a información do resumo das áreas do **informe SELFIE** para cada unhas das etapas educativas:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2.7			2.3	
	Profesorado	4.5			3.3	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.3			3.3	
	Profesorado	4.2			2.7	
	Alumnado					
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.8			3.4	
	Profesorado	4.2			4.6	
	Alumnado					
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.7			4.8	
	Profesorado	4.4			4	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.5			4.5	
	Profesorado	3.9			3.6	
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.8			3.8	
	Profesorado	3.6			3.3	
	Alumnado					
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.				2	
	Profesorado	2.8			2.9	
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2			2	
	Profesorado	3			2.8	
	Alumnado					

A continuación inclúese a información reflectida no **Test CDD**, tendo en conta as táboas 2.1, 2.2 e 2.3 en relación ao informe grupal do TestCDD e a táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no mesmo.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	7	11	63,6%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	8	9	88,9%
SUBSTITUTO	1	4	25%
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
74,1	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	63,9	Explorador/a (A1)	79,2	Integrador/a (B1)
Pri.	85,9	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
F.P	86,3	Integrador/a (B1)	77,4	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	5,6%
A2	6	33,3%
B1	6	33,3%
B2	5	27,8%
C1		
C2		
TOTAL	18	100%

2.3. Análise DAFO

Partindo do informe SELFIE e o TCDD, realizamos unha **análise DAFO** que permitiu coñecer a realidade do centro no eido dixital, o que nos serviu como punto de partida para establecer as liñas fundamentais de traballo para o Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver, de maneira que atopamos:

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
----------	------------	-------------

C A T E G O R Í A S	INFRAESTRUTURAS- EQUIPAMENTO	O centro conta con infraestrutura, dispositivos dixitais para a ensinanza, acceso a internet, asistencia técnica, e dispositivos dixitais para a aprendizaxe.	Barreiras de accesibilidade ás TICs.
--	---------------------------------	--	---

PERSOAL DOCENTE	Participación activa e formación no uso das TICs para a mellora da práctica docente e actualización nas novas tecnoloxías no ámbito da Educación Especial, iniciativas para afrontar as necesidades de formación profesional continua do profesorado (PFPP), creación de recursos educativos dixitais compartidos polo profesorado do centro, uso da aula virtual como ferramenta de comunicación interna de recursos e formación.	Complexidade da realidade educativa, falta de tempo en horario escolar, baixa motivación do uso das TICs debido as características do noso alumnado, falta de comunicación entre centros que desenvolven os mesmos proxectos, sobrecarga de accións e proxectos que chegan ao centro
PERSOAL NON DOCENTE	Dispor de un técnico informático para a resolución inmediata de problemas informáticas	O centro asume o custo do persoal asistente informático.
ALUMNADO	Motivación por parte do alumnado ao uso das novas tecnoloxías como fonte de estimulación/disfrute.	Dificultades para implicar ao alumnado debido as súas características, nula competencia para a resolución de problemas técnicos, variabilidade da competencia e acceso as tecnoloxías dixitais, falta de autonomía no acceso ás plataformas dixitais do centro.
FAMILIAS	Crecente uso dos correos electrónicos para a comunicación co centro	Baixa competencia dixital das familias, escasa dotación de recursos tecnolóxicos e acceso a internet.
OFERTA	Continuidade ao longo dos cursos no emprego das novas tecnoloxías (PFPP), apertura do centro a través de canles dixitais.	Baixo impacto e posibilidade de acceso a oferta facilitada polo centro.
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Rede de aprendizaxe, intercambio de experiencias, orientación e asesoramento interno.	Existencia de canles de comunicación entre os distintos niveis do centro, existencia de estratexias de comunicación con outros centros educativos, organización temporal, estratexia dixital.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Fomento da adquisición de materiais TICs, asesoramento a través dos centros de formación.	Constantes cambios lexislativos, falta de concreción da lexislación aos centros de educación especial.
	LEXISLACIÓN	Delimitación legal das funcións.	Constantes cambios lexislativos, falta de concreción da lexislación aos centros de educación especial.
	CONTORNA	Delimitación legal das funcións.	Barreiras arquitectónicas, dificultades nos desprazamentos autónomos e asistenciais
	ANPA	Colaboradora e receptiva, facilitadora do traballo no centro e de actividades.	Baixa porcentaxe de familias asociadas e dispersión xeográfica entre as familias do centro.
	OUTRAS ENTIDADES	Estabilidade do persoal non docente.	Descoñecemento do funcionamento dos centros de educación especial por parte de entidades educativas

3. Plan de Acción

A finalidade deste plan de acción é establecer una serie de obxectivos e actuacións que favorezan o coñecemento e emprego das TICs, porén, cada curso escolar, teranse en conta tanto as necesidades existentes coma as propostas de mellora expostas o ano anterior, sempre tendo en conta os recursos humanos e materiais que existan nese momento no centro, para así mellorar o uso dos mesmos e coñecer qué novos recursos se poden precisar para vindeiros anos.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a elaboración do Plan de Acción, partimos da análise do DAFO realizado durante este curso e que nos serviu como base para establecer os obxectivos de cada unha das áreas a traballar, obxectivos que podedes consultar na táboa do seguinte subapartado. Nesta táboa concretamos cales son as accións a levar a cabo para cumprir cada un deles, determinando:

- Os/as responsables de cada unha delas
- A súa temporalización, e dicir, cando deben de levarse a cabo
- Os recursos necesarios
- Un espazo para realizar o seu seguimento, o que nos axudará a avaliar este Plan e a coñecer os aspectos a mellorar para o vindeiro curso.

Esta táboa axudará a que todos os membros do Claustro teñan claro cal é o punto de partida e ata onde queremos chegar con cada un dos obxectivos.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Trala análise do equipamento e as infraestruturas tecnolóxicas presentes no centro, e tendo en conta *as indicacións establecidas no documento proporcionado por AMTEGA*, consideramos que as necesidades fundamentais son:

En canto a infraestruturas, recentemente foi instalada a rede WIFI corporativa do centro. Terá que pasar un tempo para poder avaliar o seu funcionamento e as posibles necesidades que xenere.

En canto a equipamento, as principais necesidades serían:

- Que se incorporen recursos tecnolóxicos que permitan o seu uso ao alumnado presente no centro, eliminando as barreiras de accesibilidade (pulsadores, teclados adaptados....)
- A renovación dos equipos informáticos nas diferentes dependencias do centro (biblioteca aula de informática, sala de profesores, aulas...) posto que os presentes no centro están bastante obsoletos, o que perxudica moitas das labores docentes.
- Que exista unha partida presupostaria destinada a mercar aplicacións educativas de pago adaptadas as características e necesidades do alumnado, xa que facilitan a súa aprendizaxe a vez que os motivan e axudan a que o profesorado poida adaptar os contidos aos diferentes niveis e características de cada alumno/a do grupo.

Sobre os Servicios Dixitais educativos atopamos unha urxente necesidade:

- Que o XADE se axuste a realidade do centro, posto que a súa estrutura non se adapta as características dos centros de educación especial, limitando o emprego de todos os servicios dixitais derivados do seu uso (ferramentas de xestión docente, Abalar,...) e tendo que recurrir a outras canles comunicativas e outras ferramentas de xestión menos normalizadas e eficaces no ámbito educativo.

A continuación refléxase a modo de táboa unha proposta de necesidades a cubrir para a execución deste Plan Dixital no noso centro.

EQUIPAENTO / INFRAESTRUTURA QUE SE PRECISA	UNIDADES	LOCALIZACIÓN	XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE
Mellora das ferramentas institucionais (XADE)	-	CEE María Mariño	A adaptación destas ferramentas ao CEE permitiría o emprego destas ferramentas para a xestión do centro, comunicacións coas familias,...
Partida presupostaria para aplicacións educativas de pago	-	Aulas de PT e AL	Poder ofertar aplicacións de calidade para o traballo co alumnado, sen publicidade e con todas as funcionalidades.
Equipos de son/ altofalantes para os ordenadores	10	Aulas de titoría.	Nestas aulas, danse moitas veces as sesións de Ed. Musical e os altofalantes actuais non teñen boa calidade sonora ou están deteriorados.
Ordenadores de sobremesa para a sala de mestres	3	Sala de mestres	Os equipos para uso común están bastante obsoletos e dáselles moito uso.
Pizarra Dixital Interactiva	4	Aulas de AL Aula de Xardinaría Aulas de titoría	Non hai PDI nestas aulas.
Proxector	2	Ximnasio Ludiatio	Nun espazo non hai proxector e no outro, está moi deteriorado. Son espazos de uso común nos que se realizan actividades colectivas.
Equipos portátiles para os equipos de coordinación do centro	4	Equipo TICs Equipo biblioteca Equipo EACE Equipo EDLG	Dispoñer dun portatil para estas coordinacións supoñería unha continuidade no traballo dos equipos dados os cambios nos seus integrantes.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECUERSOS						
1. OBXECTIVO (1):	Incrementar o uso do banco de recursos por parte do profesorado do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Lista de control coas distintas actividades (Nº de mestres que o empregaron)					
Valor de partida (3)	Existe un banco de recursos que se empregou durante o PFPP en actividades puntuais					
Valor previsto e data (4)	Que se empregue dito recurso en 5 das festividades levadas a cabo no centro alomenos por un tercio do claustro.			Final de curso (Xuño 2023)		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Matricular a todo o profesorado no banco de recursos do centro	Coordinador TIC	Novembro 2023	Equipamento TIC	Todo o profesorado está matriculado	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formación sobre o acceso e uso do banco de recursos	Equipo TIC	Decembro 2023	Equipamento TIC e persoal	Todo o profesorado sabe acceder ao banco de recursos.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Emprego do banco de recursos para compartir material relativo ás festividades	Claustro	Xuño 2024	Equipamento TIC	Lista de control coas distintas actividades (Nº de mestres que o empregaron)	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS. COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO
2. OBXECTIVO (1): Dotar ao centro de recursos de accesibilidade para o uso dos TIC

Acadado
RESPONSABLE: Secretaría

Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) Escala de valoración

Valor de partida (3) Baixa dotación de material accesible, pouco emprego do mesmo e falta de detección de necesidades.

Valor previsto e data (4) Emprego de recursos de accesibilidade do uso das TIC por parte do alumnado diana. Xuño 2023

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Deseño de plantilla de valoración do alumnado usuario de material accesible	Equipo TIC	Setembro	Equipamento TIC	Plantilla deseñada e entregada ao profesorado para a súa cumplimentación.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Cumplimentación da plantilla por parte do profesorado titor.	Titor	1º trimestre	Equipamento TIC	Todos os titores/as cumprimentaron a plantilla	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Selección do alumnado diana	Equipo TIC	2º trimestre	Personal	O equipo TIC seleccionou ao alumnado usuario de axudas técnicas para o acceso ás TICs	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Solicitud e dotación de material	Secretaría	2º trimestre	Equipamento TIC, personal	A secretaría do centro solicitou o material ao organismo	Realizada	
					Aprazada	

accesible específico				pertinente.	Pendente	
-----------------------------	--	--	--	-------------	-----------------	--

“Área/s de mellora”: COLABORACIÓN E REDES

3. OBXECTIVO (1):	Establecer unha canle dixital de avisos referida á organización temporal do centro.			Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo directivo			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Lista de control semanal					
Valor de partida (3)	O emprego das TIC para avisos é moi puntual					
Valor previsto e data (4)	Emprego semanal de canles TIC para aviso organizativo do centro			1º trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Valorar e analizar a viabilidade das distintas canles de comunicación TIC e toma de decisión.	Equipo TIC e equipo directivo	Setembro	Equipamento TIC e persoal	Elexiuse unha canle de comunicación TICs para o claustro.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Crear a canle a empregar e engadir aos usuarios.	Equipo directivo	Setembro	Equipamento TIC e persoal	Creouse a canle e todo o claustro ten acceso a ela.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Difundir ao comezo de mes e cada inicio de semana a organización temporal de actividades e reunións do centro.	Equipo directivo	Final de curso (Xuño 2024)	Equipamento TIC e persoal	Envíase mensual e semanalmente a información oportuna a todo o claustro a través desta canle.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: INFRAESTRUTURA E EQUIPOS

4. OBXECTIVO (1):	Dar a coñecer a problemática existente no noso centro con respecto ao funcionamento do XADE	Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Lista de control (enviado/ non enviado)		
Valor de partida (3)	Dificultade de asignar no XADE o grupo de alumnado a titores/as debido a realidade do centro.		
Valor previsto e data (4)	Coñecemento por parte dos responsables de dita realidade.	2º trimestre	

ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Convocar unha reunión de análise consensuada entre o persoal docente do centro sobre a situación do XADE	Equipo directivo	1º trimestre	Equipamento TIC e persoal	Realízase unha reunión exclusiva para tratar este tema.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Redactar un escrito reflexando a realidade para ser trasladado a administración correspondente.	Equipo directivo	2º trimestre	Equipamento TIC e persoal	Presentación ao claustro do escrito realizado para a súa aprobación.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	

A01.3: Traslado do escrito á administración	Equipo directivo	2º trimestre	Equipamento TIC e persoal	Presentouse escrito con rexistro de entrada.	Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Para valorar a consecución dos diferentes obxectivos propostos neste plan, a avaliación realizarase en dous momentos:

- Durante o transcurso das diferentes accións, sendo una avaliación procesual, onde teremos en conta os diferentes métodos e instrumentos de avaliación para cada unha delas, establecidos nas táboas do apartado anterior, o que nos facilitará a valoración do estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora. Ademais, na data proposta de consecución de cada obxectivo tamén se realizará a valoración do mesmo.
- O finalizar o curso, onde empregaremos os resultados das avaliacións procesuais e realizaremos unha avaliación global das accións establecidas así coma dos obxectivos para establecer as propostas de mellora para o vindeiro ano.

5. Difusión do plan

Para dar a coñecer o Plan Dixital, xa que é un documento público que debe de estar a disposición de calquera persoa, estará aloxado na páxina do centro, e para a súa difusión entre a comunidade educativa, darase a coñecer ao claustro, familia, e persoal non docente ao inicio do curso escolar a través das respectivas reunións e claustros.

A consecución dos diferentes obxectivos plantexados dará pe á mellora de determinados aspectos que terán a súa respectiva difusión a través das canles de comunicación do centro.